- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
12	Galicia e a península Ibérica na Idade Antigua	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas ou outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información /	PE	70
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Coñecer problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	TI	30
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.</li> </ul>

## Contidos

- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden

propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou uso de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Usaremos o libro dixital "Aula Planeta" e recursos "Dixit", mais empregaremos outros materiais que nos axuden a facer que a materia resulte atractiva e participativa.
Apuntamentos e fichas do docente. Os apuntamentos e fichas complementarán os contidos do libro e facilitarán ao alumnado o seguimento ordenado dos contidos para que non se perda entre a variedade de materiais que utilizaremos. Estas fichas podense entregar en papel máis sempre estarán disponibles tamén no Edixgal para os casos do alumnado con máis problemas de organización, colgarei antes de cada proba un documento cos contidos que entran sinalando o recurso que utilizamos para traballalo
Plataforma Liveworksheets. Esta plataforma permite compartir con outros profesores e presentar ao alumnado actividades interactivas de múltiples temas, é doada de usar para o profesorado e o alumnado e permite un seguimento personalizado do traballo que realizan
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado, é importante que o teñan para tomar apuntes, ter ordenadas as fichas, facer traballos etc.
Novelas históricas, novelas gráficas, comics. Empregaranse coma lecturas complementarias ou introductorias.
Prensa. É interesante compartir co alumnado artigos de actualidade sobre os temas que traballamos na clase xa que lles demostra que os contidos que traballamos son contidos vivos, nos que se sigue a traballar hoxe en día, ademais de promover a lectura e a comprensión.
Blog do profesor. Utilizaremos o blog do profesor, que é de libre acceso, para sinalar as datas das probas e que as familias poidan acceder a elas, actualizandos cada vez que marquemos uha proba.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto dixital é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. .

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	5	10	5	10	10	10	10	10	10
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	10	5	100
<b>Proba escrita</b>	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30

### Criterios de cualificación:

A avaliación desenvolverase da seguinte maneira:

1º) Farase, cando menos, unha proba escrita de ca UD. A media ponderada das notas de cada UD. contará o 70% da nota da avaliación.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán en responder a unha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, respostas curtas, tipo test, relacionar conceptos, identificar

e comentar imaxes, de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

Cando un alumno/alumna non asista a unha proba escrita por motivo xustifico a proba realizarase na seguinte sesión á que asista.

2º) Taboas de indicadores, que contará o 20% da nota da avaliación.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos, presentación do caderno, actividades do Edixgal, fichas do Liveworksheets, informes e redaccións; presentacións en ordenador, traballos en formatos coma programas de radio, videos, etc. ; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

3º) Observación directa. Supón o 10% da nota

Con este procedemento de avaliación mediremos a implicación do alumnado e a participación na clase.

Nota avaliación= Media da/das proba escrita das UD. x 0.7 + rúbrica x 0.3 + nota da observación na case x 0.1

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é igual ou inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Se o profesor considera que o alumnado non amosa interese por preparar a proba de recuperación pode exixirle algún traballo que demostre que se vai interesar por esta proba, por exemplo resumos, fichas, etc.

Cualificación final do curso.

A cualificación final do curso será a media ponderada das tres avaliacións sempre e cando cumpla unha das seguintes condicións:

1º Ter aprobadas todas as avaliacións

2º Que teña aprobado polo menos dúas das tres avaliacións e que na que non teña aprobada teña unha nota que non sexa inferior a 4

Se non se cumpren estas condicións o/a alumno/a estará suspenso

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe unha UD. levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na repetición de actividades desenvoltas nesa unidade e/ou poderáselle encomendar actividades novas que faciliten a comprensión dos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. A recuperación desa UD. efectuarase do mesmo xeito que a avaliación da mesma.

Esta proba farase preferentemente dentro do trimestre ao que corresponda para que a nota da recuperación vaia reflexada nas notas de cada avaliación.

Caso de non pode incluír esa nota dentro do trimestre correspondente ( por cuestións de tempo ) terase en conta para a nota final

Cando un alumno/a non supere unha avaliación farase unha proba de recuperación dentro do trimestre seguinte (excepto no terceiro trimestre que obviamente será no mesmo trimestre) sobre a materia do correspondente trimestre. A proba consistirá nunha proba escrita que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor), e nunha parte práctica (actividades) que deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media.

A ponderación da proba escrita e das actividades será: Proba escrita 70% actividades 30%

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede no primeiro curso dunha etapa educativa

### 6. Medidas de atención á diversidade

No presente curso temos a seguinte relación de alumnos con NEE. A falta da decisión definitiva que se adoptará na avaliación inicial, as medidas que se recomentan son:

1ºA

- 1 alumno/a NEE (discapacidade-TDAH) Reforzo-Protocolo TDAH-1ºA
- 1 alumno/a NEE (discapacidade-TDAH) Reforzo-Protocolo TDAH-1ºA
- 1 alumno/a Dificultades específicas de aprendizaxe (TDA) Reforzo-protocolo TDAH-1ºA
- 1 alumno/a Dificultades específicas de aprendizaxe Reforzo-1ºA
- 1 alumno/a NEE (discapacidade-TDAH-Trastorno de conduta) Reforzo-protocolo TDAH- 1ºA
- 1 alumno/a Dificultades específicas de aprendizaxe (TDA) Reforzo-protocolo TDAH 1ºA
- 1 alumno/a Atraso nas aprendizaxes. Dificultades xerais- Reforzo 1ºA
- 1 alumno/a NEE (discapacidade visual 80%) -Reforzo- 1ºA
- 1 alumno/a Dificultades específicas de aprendizaxe -Reforzo-posible ACI 1ºA
- 1 alumno/a Vulnerabilidade socio-educativa Reforzo 1ºA

1ºB

- 1 alumno/a (TEA 1) Reforzo-protocolo TEA 1ºB
- 1 alumno/a NEE (TEA 2-TDAH) Reforzo-protocolo TEA-Protocolo TDAH-1ºB
- 1 alumno/a Trastorno específico de aprendizaxe (Dislexia) -Reforzo-Protocolo dificultades trastorno específico de aprendizaxe-1ºB
- 1 alumno/a NEE (discapacidade-TDAH) Reforzo-protocolo TDAH-posible ACI 1ºB
- 1 alumno/a NEE (discapacidade-trastorno desenvolvemento) Reforzo--Posible ACI 1ºB
- 1 alumno/a NEE (TEA 1-altas capacidades) Reforzo-protocolo TEA- 1ºB
- 1 alumno/a Dificultades xerais (ambiente desfavorecido) Reforzo 1ºB
- 1 alumno/a Dificultades específicas de aprendizaxes- Reforzo 1ºB

#### MEDIDAS DE REFORZO A ALUMNADO REPETIDOR.

Temos dous alumnos repetidores neste curso.

Para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo grupo haberá un plan específico segundo o consignado na lexislación.

As medidas de reforzo que adoptaremos con este alumnado serán:

- Especial control e seguimento sobre todo nos contidos que supuxeron máis dificultade.
- Seguimento diario do traballo que deban facer na casa, intentando crear un hábito de estudo.
- Información detallada ás familias da evolución do seu traballo Tamén.
- Colocación na aula estratéxica na aula, onde se poida controlar facilmente a súa atención e traballo ou con algún compañeiro/a que sexa especialmente beneficioso para els

Non se adoptarán medidas organizativas coma agrupamentos específicos ou integración de materias en ámbitos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social				X				
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita							X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

**Observacións:**



Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a charlas dentro ou fóra do centro	De maneira similar a outros cursos nos que asistiron a charlas sobre cambio climático, xestión de residuos, etc.	X	X	X
Visitas a exposicións e museos	Intentaremos organizar ou aproveitar algunha saída a Pontevedra para combinar cunha visita ao Museo de Pontevedra que dispón dunha sala de arqueoloxía que combina perfectamente co temario deste curso	X	X	X
Excursións de interese didáctico	A final de curso farase unha excursión a un lugar por determinar na que intentaremos introducir contidos relativos á esta metria			X
Proxección de cine	Aproveitando os "días mortos" das avaliacións nos que o alumnado xa está avaliado e que preceden a períodos de vacacións para visualizar algunha película relacionada coa materia explicada. Está prevista unha saída, organizada polo centro, a unha sala de cine antes das vacacións de nadal, mais nesta altura non está determinado o filme que veremos	X	X	X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel personal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas e traballadas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e activiades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

### **Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..)

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

### **9. Outros apartados**